

| | | |
|---|-------------------|----------------|
| <i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG | | |
| <i>Documento</i> | <i>Expediente</i> | <i>Fecha</i> |
| CMG13120G | CON/32/2019 | 03-12-19 14:17 |

Número 53 .- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativa á aprobación do expediente "Mellora e acondicionamento do local sociocultural de Grixoa"; aprobación do gasto e apertura do procedemento de adxudicación.

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 02 de decembro de 2019, adoptou o seguinte acordo:

53 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO RURAL RELATIVA Á APROBACIÓN DO EXPEDIENTE "MELLORA E ACONDICIONAMENTO DO LOCAL SOCIOCULTURAL DE GRIXOA"; APROBACIÓN DO GASTO E APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, de data 15 de outubro de 2019, así como do informe de Intervención nº 1137/2019, de 25.novembro.2019, da xefe de sección que conta co conforme do interventor, no que consta que "dado que o expediente se tramita como anticipado de gasto, a súa aprobación por importe de 54.212,24 €, IVE incluído, deberá quedar condicionada á consignación de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos do ano 2020, motivo polo que o centro xestor do expediente deberá realizar a correspondente proposta, unha vez consignados os créditos do exercizo 2020 que financian o gasto e, polo tanto, non poderá iniciarse a execución do contrato en tnato non se habilite o correspondente crédito orzamentario e o mesmo sexa efectivo.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"José Manuel Pichel Patiño, concelleiro delegado de medio rural, consonte aos termos establecidos no artigo 116 e 117 da Lei 9/2017,

| | | |
|---|----------------------------------|--------------------------------|
| <i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG | | |
| <i>Documento</i> CMG13I20G | <i>Expediente</i> CON/32/2019 | <i>Fecha</i> 03-12-19 14:17 |

de 8 de novembro, de contratos do sector público, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 17/06/2019,

EXPÓN:

1. Con data 3 de abril de 2019 a Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela aprobou o proxecto de "Mellora e acondicionamento do local sociocultural de Grixoa".

2. Con data 12 de abril seguinte, o xefe de servizo de Obras e Proxectos emitiu o preceptivo informe xustificativo da concorrencia da necesidade e idoneidade da súa contratación.

3. Con data 12 de xullo, cunha posterior corrección de 14 de outubro, a concellería delegada de obras, formulou proposta de inicio do expediente de contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria .

4. Coa mesma data, a concelleira delegada de economía, facenda, persoal, contratación e modernización da administración local resolveu iniciar o expediente proposto, ó que se deberían incorporar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que deban rexer o contrato, así como o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa, sinalando así mesmo que, unha vez completado o expediente, remitirase este ao órgano de contratación para a súa aprobación e a apertura do procedemento de adxudicación.

5. Finalmente, xa o día 11 de outubro, incorpórase ao expediente o correspondente prego de cláusulas administrativas particulares, que acompaña un informe do departamento de contratación, da mesma data, que conta coa conformidade da asesoría xurídica municipal, que conclúe que *"o expediente de contratación, de tramitación ordinaria, ven referido á totalidade do obxecto do contrato e incorpora os documentos ós que se refire o artigo 116 da LCSP polo que unha vez fiscalizado pola Intervención municipal dítarase acordo pola Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela aprobando o mesmo e dispoñendo o inicio do procedemento de contratación"*.

Polo tanto, e considerando a regulación que para o procedemento administrativo se recolle con carácter xeral nos artigos 163 a 185 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, así como artigos 54 e seguintes da Ley 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das

| | | |
|---|----------------------------------|--------------------------------|
| <i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG | | |
| <i>Documento</i> CMG13I20G | <i>Expediente</i> CON/32/2019 | <i>Fecha</i> 03-12-19 14:17 |

administracións públicas, e as argumentacións recollidas no anteriormente mencionado informe do departamento de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Que, unha vez completado co certificado de existencia de crédito, acorde a aprobación do expediente denominado **Mellora e acondicionamento do local sociocultural de Grixoa**, así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante **procedemento aberto**, establecéndose un tipo de licitación de **44.803,50 euros IVE** aparte.

O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 9.408,74 euros.

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigas económicas que se deriven desta contratación con cargo á aplicación orzamentaria 100 93303 63200 2019 2 PPROV 35 2, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2019: 18.070,75 euros.

Anualidade 2020: 36.141,49 euros."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

Aprobar o expediente denominado "mellora e acondicionamento do local sociocultural de Grixoa", así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 44.803,50 euros IVE aparte.

O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 9.408,74 euros.

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigas económicas que se deriven desta contratación con cargo á aplicación orzamentaria 100 93303 63200 2019 2 PPROV 35 2,